

M. Sánchez Cid (2004): “Denominacións para ‘anoitecer’ en galego moderno”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 563-573.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

DENOMINACIÓNS PARA “ANOITECER” EN GALEGO MODERNO

María Sánchez Cid

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

O período de tempo que comprende a parte final do día e o comezo da noite que denominamos “anoitecer”, caracterízase en galego pola riqueza léxica que ofrece na súa expresión.

Con este traballo, pretendemos facer un estudio do campo semántico do “anoitecer” no galego actual, atendendo en primeiro lugar a ver cal é a distribución léxica dos distintos termos que forman parte deste campo ó longo de todo o territorio de fala galega. Para iso, baseámonos fundamentalmente no material recollido no *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, no Arquivo do Galego Oral do ILG e outros materiais procedentes de distintos estudos feitos sobre o tema (tomamos como base a proposta contida en García (1978). Para o estudo, partimos de 8 termos que forman parte do campo, extraídos do material recollido nos Cuestionarios do *ALGa*, que abarcan as entradas: 529 “Tardiña ou Atardecer”, 530 “Anoitecer”, 531 “Entre día e noite/Entre lusco e fusco”, 532 “Anoitecida / Ó zarrar da noite”, 534 “Escurecer”, 544,1 “Tarde”, 544,2 “Serán” e 575 “Posta do sol”, que intentaremos analizar, axudándonos da presentación de mapas nalgún caso concreto como “Atardecer” e “Anoitecer” na explicación dos cales nos centraremos especialmente por considerarmos interesantes as múltiples interferencias que se dan entre estas dúas formas en particular.

Para completar o noso traballo faremos referencia ó modo en que este campo aparece reflectido nos dicionarios galegos (Ares *et alii* 1986, Estravís 1986, RAG/ILG 1990) actuais e no *VOLG*, confrontando os datos obtidos e facendo unha valoración global dos mesmos.

2. DISTRIBUCIÓN LÉXICA DO CAMPO

O proceso do “Anoitecer” desenvólvese de maneira gradual ó longo dun período de tempo, máis ou menos longo, que abarca desde as últimas horas da tarde ata as primeiras da noite en fases case imperceptibles que se van sucedendo. Isto fai que sexa difícil trazar divisións claras dentro do proceso. De todas maneiras e cunha finalidade explicativa que permita unha mellor comprensión na descrición das distintas formas das que imos falar estableceremos unha liña progresiva que abarque desde o momento inicial ata o final.

O inicio do proceso dáse na **tarde**, termo cun significado moi amplo que abarca desde o momento posterior ó mediodía ata á entrada da noite. Consérvase con ese significado e única forma de expresión en todo o territorio de fala galega.

Dentro dese período de tempo tan amplo que comprende a “tarde” pódense establecer divisións. En galego, existen dúas formas específicas para referirse ós últimos momentos da tarde, é dicir, cando xa está próxima a noite. Estamos a falar de *Tardiña* tamén denominada *Atardecer* e *Serán*. Aínda que na actualidade aparecen como sinónimas, hai que dicir que isto non sempre foi así. En principio *Serán* tiña un significado máis amplo ca *tardiña* xa que abarcaba desde as últimas horas da tarde ata ben entrada a noite, namentres que *tardiña* só se refire ós últimos momentos da tarde. Na actualidade a forma *serán* non se emprega apenas, sendo substituída por outras como *tardiña* ou *noitiña*, como veremos a continuación.

2.1. Denominacións de “atardecer, tardiña”¹

O concepto de **tardiña** (mapa 1) ofrece en galego varias posibilidades de expresión, que se poden agrupar ó redor de 4 bases léxicas fundamentalmente, como se pode observar no mapa.

Un primeiro grupo de formas parte da base “tarde”, sendo a maioritaria o substantivo diminutivo *tardiña* que se rexistra en 122 puntos ó longo de todo o territorio. Aínda que non se poden establecer áreas lexicais concretas, podemos observar que das catro provincias galegas, en Lugo é onde menos aparece esta forma e no galego estremeiro rexístrase en León de forma maioritaria, tamén en puntos de Zamora xunto á variante *tardita* (Lubián-Zamora) pero non en Asturias onde predominan as variantes *tardía* (4) e *tardequía* (Coaña-Asturias) con cambio de sufixo. Esta forma pode aparecer modificada na expresión *tardiña baixa* (9) repartidos entre A Coruña (4) e Lugo (3) e de forma minoritaria en Pontevedra e Ourense (1). No galego exterior non aparece esta forma. Rexístranse como expresións adverbiais do tipo: *á tardiña* en Lugo(4) e (Chímpara-A Coruña) ou *á tardiña baixa* (Ferreiría-Lugo). Co mesmo significado emprégase o termo

¹ O mapa 1 do anexo corresponde ó mapa 7 (“atardecer, tardiña”) do *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*, coordinado por F. Fernández Rei, [A Coruña], Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2003. Na redacción deste relatorio baseárame no borrador deste e doutros mapas, inéditos en setembro do 1996.

xeral *tarde* (9): 4 na Coruña, 2 Lugo, 2 Zamora, 1 Ourense, que pode aparecer en forma adverbial: *á tarde* (San Cristovo-A Coruña) ou modificada na expresión *tarde baixa* (7): 3 Lugo, 3 A Coruña, 1 Ourense. Ningunha destas formas aparece na provincia de Pontevedra.

Ademais de todos estes substantivos, aparece o infinitivo *atardecer* rexistrado en 9 puntos dos cales 6 se sitúan en Lugo, 2 en Ourense (aparece substantivado en Lama-longa: *o atardecer*) e 1 na Coruña, expresando o desenvolvemento dun proceso que ten lugar nese período de tempo que comprende o final da tarde e o comezo da noite.

Á beira destas formas, temos outras que parten da base “Noite”. Así *noitiña*, diminutivo formado a semellanza de *tardiña* (10): 4 (Lu), 3 (Po), 2 (Ou), 1 (Co) coa variante *noitia* no galego de Asturias (A Veiga). En Lugo (Ferreira) aparece o verbo incoativo *anoitecer*, en forma substantivada: *o anoitecer*.

Un terceiro grupo de formas relaciónase co lexema “Serán” que se rexistra en 4 puntos da Coruña e 1 de Pontevedra coa variante *serao* nun punto da Coruña (C36 Santiso) e en dous de Lugo (L14 Cospeito e L31 Taboada). Ademais, en puntos illados aparecen formas derivadas como *serán baixa* (Porto do Son-A Coruña) ou a *seriña da tarde* (Folgo do Courel-Lugo). Este termo existiu en galego cun significado preciso; abarcaba un período de tempo máis amplo cá *tardiña*. Na actualidade, esta forma con ese significado caeu en desuso.

Co seu significado orixinal de **última parte do día**, momento no que comeza xa a anoitecer, ó meterse o sol, consérvase só nalgúns puntos do territorio galego; aparece sobre todo nas provincias de Pontevedra e A Coruña e nalgún punto illado de Lugo e Ourense (pode aparecer na expresión: “*estar ó serao da noite*” (Oímbra) referíndose ó momento antes de cear).

Derivados do orixinal, esta forma pode aparecer con outros significados, entre os que destacan os seguintes:

A) **Reunión de persoas** que se facía á última hora da tarde, onde se cantaba, bailaba ou se facían “fiadeiros”. Rexístrase sobre todo en puntos de Pontevedra (en Oia, chamábaselle *serán* ás fiadas porque se facían ó anoitecer) e Ourense. Existe a forma *sarao* (Guntín-Lugo) con este mesmo significado aínda que se especifica que a reunión tiña lugar ó redor do lume no inverno.

B) Tamén pode significar a **brisa fría da noite** que aparece a esas últimas horas da tarde. En Ramirás (Ourense) e Moaña (Pontevedra) aparece na expresión “*estar ó serao*”, é dicir, estar ó fresco da noite.

Co mesmo significado de *serán* aparece *resío da noite* (Lérez-Pontevedra).

Hai dous grupos máis de formas de extensión máis reducida que parten dos adxectivos “escuro”: *escurecer*, coas variantes *escorecer* (Pesoz-Asturias e Cambados-Pontevedra) e *oscurecer* (Becerreá-Lugo e Boal-Asturias), e “pardo” (de cor escura) en *ó empardecer* (Folgo do Courel-Lugo), *espardecer* (Larouco-Lugo) e *apardecer* (Taboada-Lugo).

Finalmente aparecen formas creadas, nalgún caso de forma metafórica, a partir de accións atribuídas ó sol: *postura do sol* (Cerceda-A Coruña e Friol-Lugo), *a baixada do sol* (Santa Comba-Lugo), *meterse o sol no burato* (Santiso-A Coruña). En zonas costeiras empréganse tamén as formas *axexo* (Cambados-Pontevedra) e *aguatinta* (Fisterra-A Coruña), para referirse ás últimas horas do día, e as dúas son léxico mariñeiro. *Axexo*, que se opón a *luzada*, emprégano os mariñeiros para referirse ó último e ó primeiro lance do día respectivamente, momento máis propicio para a pesca.

Despois de ver todas estas formas a través das cales se pode expresa-lo concepto de **tardiña** podemos sacar algunhas conclusións. Aínda que o lexema *tardiña* é o maioritario en toda Galicia, a súa distribución non é proporcional nas catro provincias. En Lugo e A Coruña dáse unha maior variabilidade; é aquí onde aparecen rexistradas á beira de *tardiña* o resto das variantes. Pola contra, as provincias de Pontevedra, sobre todo, e Ourense presentan unha maior homoxeneidade, sendo a forma máis empregada *tardiña* ou derivados dela. En canto ó galego estremeiro, tódalas formas parten do lexema “tarde” aínda que presenten variación nos sufixos.

2.2. Denominacións para a “postura do sol”²

No transcurso deste proceso hai un momento concreto no que se produce a desaparición do sol do horizonte e a claridade comeza a diminuír. Trátase da chamada **posta do sol**. Na expresión deste concepto encontramos tamén moita variedade pero pódense delimitar unha serie de formas básicas das que parten as demais.

O grupo máis numeroso está constituído polas expresións onde aparecen os **infinitivos** “pór” e “poer” (no galego estremeiro) de carácter máis conservador e “poñer”, máis innovador unidos ó substantivo “sol”, sendo a máis estendida a expresión: *poñerse o sol* (54), seguida de *pórse o sol* (17) ou formas creadas a partir destes verbos: *apoñerse o sol* (9) ou *aporse o sol* (1), *opoñerse o sol* (2), *traspo-lo sol* (1). Poden aparecer en forma conxugada: *ponse o sol* (5), *aponse o sol* (1), *púxose o sol* (3), *apúxose o sol* (1) ou en forma de perífrase verbal: *estarse poñendo o sol* (4) ou *estarse a poñer o sol* (1), *estarse pondo o sol* (6) ou *estarse a pór o sol* (3), *estase pondo o sol* (1), ou a variante *tase poñendo o sol* (1). Á beira destas, hai un número importante de formas creadas a partir de substantivos derivados deste verbo, sendo a maioritaria a *postura do sol* (47), seguida de *posta do sol* (27) e outras como: *a posturiña do sol* (1), *apor do sol* (2), *o poniente* (1), ou *solposto* (3).

Aparecen, sobre todo no galego estremeiro, formas relacionadas cos verbos “pasar”: *pasar el sol* (4), *pasa-lo sol* (2), *al pasar el sol* (1), *pasando o sol* (1), *xa ta pasando o sol* (1), “meter”: *meterse o sol* (10) ou *meterse el sol*, *meterse do sol* (1), *mete-lo so* (coa forma “so” en Sanxenxo-Pontevedra), *metida do sol* (2), “marchar”: *marchar el sol* (2), *estase marchando el sol* (1) ou “varrer”: *varrer el sol*, *varre-lo sol*, *está varrendo* (1). En todas elas queda clara a idea da desaparición do sol do horizonte. Isto tamén se re-

² Cf. mapas 10a, 10b, 10c (“postura do sol”) do devandito vol. IV do *ALGa*.

flicte noutras formas como: *irse o sol, al caer el sol, desaparecer, escurrirse*, algunhas das cales son creacións metafóricas a partir da linguaxe animal: *vérsele as barbas ó sol* ou *recollerse o sol*. Noutros casos faise referencia ó momento final do día: *o zarrar do día, pecha-lo día*. Aparece tamén a forma *axexo* (3), xa vista co significado de últimas horas do día. Son formas minoritarias que aparecen en puntos illados.

2.3. Denominacións para “escurecer”³

Unha vez que o sol se pon, comeza a **escurecer**. Esta acción exprésase maioritariamente a través do **infinitivo** “escurecer” (128), formado sobre o adxectivo “escuro”, coas variantes: *oscurecer* (35) *escorecer*, ou *ascurecer* que pode aparecer en forma conxugada: *escurece* (3), *escureciu* (1), *oscurece*, en forma perifrástica: *estar escurecendo, ir escurecendo*, ou en forma substantivada: *al oscurecer*. Tamén pode aparecer-lo adxectivo precedido dun verbo: *facer escuro, quedar a escuras*.

Ó lado destas, hai formas relacionadas co concepto de “noite”: *ser noite, ta noite moi escura, anoutecer* e outras derivadas do adxectivo “pardo” como *pardear*. Tamén aparece a forma *serán* que se refire ás últimas horas da tarde. Todas elas insisten na idea de escuridade.

2.4. Denominacións para “entre lusco e fusco”⁴

Cando comeza a escurecer hai un momento onde se produce unha loita entre a luz e a escuridade. Dise que estamos **entre noite e día**. Para expresar este momento a forma maioritaria en todo o territorio é a expresión *entre noite e día* (66) coa variante *entre día e noite* (20). Un grupo bastante numeroso de formas parten do adxectivo “fusco” (escuro) e “lusco” (formado a partir de “fusco”). As expresións máis frecuentes son *entre lusque e fusque* (22), e *entre lusco e fusco* (15), seguidas dunha serie moi ampla e variada: *entre lusco fusco* (3), *luscofusco* (2) *entre o lusco e o fusco, entre_lusque fusco, entre lusco e fusque, entre lusque fuste, entre luste e fuste, o lusco, lusquefusque, lusquefuxe, entre luscas e fuscas, entre fusco e fusco, ó fusco non fusco, entre fusque e fusque, entre rusque fuste, entre trusque e fusque, noubra e fusco*.

Outras formas relaciónanse cos conceptos de “luz”: *entre luces* (6), *entre luz e fuz* (4), *entre luces de día, luz con luz*, de “lume” (ten o significado de claridade, luz): *entre lume e fusco* (3), *entre lumes, entre lumbres, entre lumes e día, entre lumes e fumes, entre lumes de día e noite* ou de “visión”: *vexo non vexo, ó viche non viche*.

Aparecen, aínda que menos, formas que teñen implícito o significado de “noite”: *ó anoitecer, á xunta da noite*; de “pardo”: *empardecer* ou *ó empardecer* e de “escuro”: *o escurecer* ou *al escurecer, al oscurecer*.

Finalmente, hai formas como: *a aguainta, o serao, o axexo* das que xa falamos e outras como *craror, atardecina, medio prado media leira, faer sombra a nariz* (estas dúas creadas metafóricamente).

³ Cf. mapa 9 (“escurecer”) do devandito vol. IV do *ALGa*.

⁴ Cf. mapas 8a e 8b (“entre lusco e fusco”) do devandito vol. IV do *ALGa*.

2.5. Denominacións para “anoitecer”⁵

Cando a escuridade se sobrepón á claridade chegamos ó momento en que se produce o **anoitecer** (mapa 2) propiamente dito. A forma máis empregada para expresar este proceso ou momento é a través do infinitivo *Anoitecer* formado sobre a base “noite” e o sufixo incoativo -cer que indica o comezo da noite. Aparece rexistrada esta forma en 139 puntos dos 167 da rede do *ALGa* coas variantes de seseo nos lugares onde se dá este fenómeno e outras variantes que teñen que ver coa solución do ditongo -oi- como: *anouitecer* que aparece en Zamora (Lubián, Hermisende) e en Ourense (Rubía), *anuitecer* que aparece en 6 puntos do oeste da Coruña, todos eles próximos á costa, *noitecer* en 2 puntos de Pontevedra (Cambados, Salvaterra do Miño), *anoitecendo* en puntos illados da Coruña, Lugo e Pontevedra coa variante *estar anoitecendo* (Xermade-Lugo).

Á parte desta forma maioritaria temos o verbo *escurecer* que se rexistra en 18 puntos coas variantes: *ascorecer* (Catoira-Pontevedra), *auscorecer* (Carracedo de Monasterio-León), *oscorecer* (Carracedo de Monasterio-León, Entrimo-Ourense). Como se ve no mapa, na provincia de Pontevedra aparece en 3 puntos da ría de Muros e na Coruña tamén aparece en zonas costeiras. No interior aparece en 4 puntos de Ourense, 3 de Lugo, 2 en León e 1 en Asturias.

Hai un grupo de formas que parten da base “pardo”: *empardecer* que aparece en 4 puntos de Ourense (A Mezquita, Vilardevós e Xinzo de Limia) coa variante *espardecer* (Calvos de Randín), e en Pontevedra (Guillade) e Lugo (Folgozo do Courel). A forma *pardear* aparece en 2 puntos de Lugo (Viveiro, Oourol). Tomando como base “noite” hai expresións verbais formadas sobre o verbo “vir”: *vir a noite* (3) coas variantes: *vir a nuite* (Ibias-Asturias) e *vi-la noite* (Cervantes-Lugo) e sobre o verbo “ser”: *ser noite* coa variante *ser de noite* (Boal-Asturias), *estar sendo noite* (Quiroga e Sober-Lugo).

A forma “*serao*” aparece só en dous puntos do galego de León (Vilafranca do Bierzo e Corullón).

Tódalas formas empregadas para expresar este concepto parten de bases onde a idea de escuridade é clave (noite, pardo, escuro).

Hai outras formas que aparecen en puntos illados: *noitiña e contra o cu da noite* (Salceda de Caselas-Pontevedra), *á noitiña* (Cedeira-A Coruña), *a xunta da noite* (Mondoñedo-Lugo), *entre noite e día* (Vedra-A Coruña), *ou entre día e noite* (A Fonsagrada-Lugo), *poder máis a noite có día* (Cerceda-A Coruña).

2.6. Denominacións para “anoitecida”⁶

Ademais de todas estas formas que se refiren tanto ó proceso en si coma ó momento no que se produce o paso do día á noite, en galego existe unha forma específica **anoitecida** ou **ó cerrar da noite** que ten basicamente o mesmo significado cás vistas anteriormente,

⁵ O mapa 2 do anexo corresponde ó mapa 11 (“anoitecer”) do devandito vol. IV do *ALGa*.

⁶ Cf. mapas 13a e 13b (“anoitecida, ó cerrar da noite”) do devandito vol. IV do *ALGa*.

pero na súa expresión aparecen formas onde se salienta o feito de que a escuridade predomina xa sobre a claridade de forma definitiva, é dicir, que é completamente de noite.

A expresión desta concepto faise na maior parte do territorio galego sobre a base léxica de “cerrar” coa variante “zarrar” (máis frecuente) e de “noite”. Pode aparecer en forma infinitiva substantivada: *ó zarrar da noite* coas variantes *á zarrar da noite*, *ó cerrar da noite*, *cerrar da noite*, *zarrar da noite*, *o zarrar da noite*; ou infinitivo *cerra-la noite* coas variantes *ó cerra-la noite*, *zarra-la noite*, *ó zarra-la noite*; como substantivo: *Zarrada da noite* coas variantes *cerrada da noite*, *cerrada*, *á cerrada da noite*, *á zarrada da noite*, *a zarra da noite*; *ó zarrado da noite* coas variantes *ó encerrado da noite*, *ó cerrado da noite*, *cerrado da noite*, *zarrado da noite*, os diminutivos *á cerradiña da noite* ou *ó cerradiño da noite*; e como adxectivo “noite cerrada” coas variantes *á noite cerrada*, *noite zarrada*, *noute cerrada*.

Outro grupo de formas bastante amplo baséase no lexema “pechar” coa variante “fechar” que aparece sobre todo de forma adxectivada: *noite pecha* é a maioritaria coas variantes *noite pechada*, *noite fecha*, *noite fechada* ou en expresión adverbial *de noite fechada*, *de noite pecha*. Hai algunha forma en infinitivo: *pechar de noite* coa variante *ó fecha-la noite*.

O resto das formas empregadas coinciden coas xa vistas para anoitecer. Nalgún caso hai termos específicos que antes non aparecían: *anoitecida* (5), *anoitecido* (4) coa variante *ó anoitecido* ou *al anoitecido*, *anoitece-la noite* (1), *boca da noite* (1), *de noite* (1), *á noite*(1), *á empardecida*(1), *ó pardear* (1), *escurecer de todo* coa variante *ó escurecer de todo* (1), *á escurada*.

3. CONCLUSIÓNS

Despois deste breve repaso no que intentamos analizar e describi-las distintas formas que posúe o galego oral para expresa-lo campo semántico do “anoitecer”, podemos establecer unha serie de conclusións. En primeiro lugar e como xa afirmamos ó inicio do noso traballo, hai que destaca-la riqueza léxica deste campo no galego oral. O feito de que “o anoitecer” sexa un proceso que se desenvolve nun período de tempo indeterminado, confuso, onde se produce unha loita constante entre a claridade do día e a escuridade da noite, determina que sexa difícil establece-lo punto exacto en que comeza e remata e explícanse, deste modo, as múltiples confluencias que se dan na fala entre as distintas formas que expresan o proceso. Aparecen ás veces como sinónimos formas que en principio tiñan un significado específico como é o caso de *serán* e *tardiña* ou *entre lusco e fusco* que se identifica co *anoitecer*. No caso de *atardecer* e *anoitecer* tamén se ven claras este tipo de confluencias xa que na expresión de *atardecer* hai moitos lexe-mas que van aparecer na expresión de *anoitecer* (*serán*, *escurecer*, *empardecer*) aínda que teña formas específicas como “tardiña” ou o propio “atardecer” que son as maiorita-

rias onde aínda aparece a idea de claridade fronte ás outras onde predomina a idea de escuridade. Isto explícase debido a que unha das formas indica o final dun período (*atardecer*) e a outra (*anoitecer*) o inicio doutro que se producen de forma continua, de aí que sexa difícil establecer límites precisos.

Resulta curioso observar o tratamento que deste campo semántico se fai nos distintos dicionarios galegos actuais e no *VOLG*, xa que pola riqueza léxica que presenta é difícil levar a cabo unha sistematización dos distintos termos que o compoñen. Sen embargo e a nivel xeral pódese dicir que este campo está perfectamente representado nos distintos dicionarios, reflectindo perfectamente a realidade da fala. Aparecen incluso recollidas formas de uso infrecuente na fala (*bocanoite*, que se dá como sinónimo de *noitiña*, *o cu da noite*, *a xunta da noite*, etc.). Rexístrase como sinónimo de *posta do sol* a forma *solpor*, que é unha forma de carácter culto, empregada só a nivel literario, non oral. Inténtase na medida do posible establecer distincións entre s distintos termos, aclarando os posibles significados concretos que teñan e que non sempre se distinguen na propia fala, como xa vimos (así *serán* distínguese perfectamente fronte a *tarde* e *tardiña* en todos eles). Pódese afirmar que existe, en xeral, unha grande correspondencia entre os datos que aparecen reflectidos nos distintos dicionarios e os que aparecen na lingua oral, o que proba o enorme interese que despertou o estudo deste campo en galego.

Para finalizar e a modo de conclusión dicir que o noso traballo pretende dar unha visión global da situación deste campo quedando para traballos posteriores o estudo máis pormenorizado de aspectos concretos que poidan resultar interesantes.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

1. Estudos

- Corral, E., “Denominacións galegas da curuxa”, *Verba*, 12 (1995), pp. 183-197.
- Coseriu, E., “Para una semántica diacrónica estructural”, *Principios de semántica estructural*, Madrid, Gredos, 1977, pp. 11-86.
- Ferreira Barros, M., “Os medos infantis na Galiza e em Portugal”, v-vi, *ACFL*, 1994, pp. 391-404.
- Fidalgo Francisco, E., “A onomatopeia como creadora da denominación da Chuvia/chove”, en M: Brea / F. Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Vol. 1, Universidade de Santiago de Compostela, 1991, pp. 163-169.
- García, C., “Anochecer en gallego”, *Verba*, 5 (1978), pp. 93-100.
- González, M. / Santamarina, A. / Fernández Rei, F., “Contribución al estudio de los días de la semana en la Romania: lunes y martes”, *Atlas linguarum Europae*, Congrès de L’Atlas Linguarum Europae, 1991, pp. 89-117.
- Lindley Cintra, F. L., *Estudios de Dialectologia Portuguesa*, Boletim de Filologia, Lisboa, xx, 1962.
- Trujillo, R., “La semántica”, *Introducción a la semántica*, Madrid, Alhambra, 1983, pp. 185-212.
- Ullmann, Stephen, *Semántica. Introducción a la ciencia del significado*, Aguilar, Madrid, 1976² (1965).

2. Dicionarios


Ares, M^a Carme *et alii*, *Diccionario Xerais da lingua*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1986.

Estravís, I. A., *Dicionário da Lingua Galega*, Madrid, Alhena, 1986.

RAG/ ILG, *Diccionario da Lingua Galega*, Madrid, 1990.

VOLGa = *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*, Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega: [1989] (versión provisional).

Anexo




○ tardiña	◆ baixada do sol
⊙ tardía	❖ postura do sol
⊗ tardita	✱ axexo
⊕ tardiña baixa	✱ aguatinta
⊖ tardequía	⊕ apartecer
⊗ tarde	⊕ empardecer
● tarde baixa	⊕ espardecer
⊗ atardecer	● escorecer
▣ noitiña	○ oscurecer
■ noitía	
▣ anoitecer	
▲ serán	
△ serao	
▼ serán baixa	
▽ seriña da tarde	

NOTAS

1. Mapa elaborado a partir dos datos da pregunta 529 'atardecer, tardiña' do *cuest.* do *ALGa*.
2. Rexistrouse [æ]rdiña en C.15, C.21 e C.34; a *tardiña* en C.1, C.7, C.9, C.10, C.25, C.34, C.40, L.9, L.15, O.16, O.22, O.24, P.11, P.14, P.22, P.24, P.26 e P.32; [a:]tardiña en C.2, L.6, L.7 e L.21; a *tardía* en A.1 e A.5; *tardíñ[æ]* baix[æ] en C.12; a *tardiña baixa* en C.45, L.24, O.4 e P.12; [a:]tardiña baixa en L.33; a *tarde* en L.29 e L.32; [a:]tarde en C.7; a *tarde baixa* en L.30 e O.13; *atarde[s]er* en C.48; o *atardecer* en O.12; a *noitía* en A.3; o *anoitecer* en L.5; o *serán* en C.46; o [s]erán en C.24, C.38, C.41 e C.43; o *serao* en C.36; [s]erán bai[s]a en C.45; [a:]seriña da tarde en L.32; *postura do s[ol]* en C.23; a *baixada do sol* en L.22; a *a[x]uatinta* en C.34; [o] *empardecer* en L.32.
3. En C.34 a *aguatinta* refírese á tardiña no mar.
4. En C.36 rexistrouse tamén a expresión *meterse o sol no burato*.
5. En C.38 o *serán* refírese ó anoitecer.
6. En C.46 o *serán* refírese ó momento despois de poñerse o sol.
7. En L.14 tírouse a forma *serao* da cuestión 553 a partir do refrán *marzo marzán, pola mañá ten cara de can, ó mediodía fai milloría, ó serao parece vrao*.
8. En L.20 *tarde* é infrecuente.
9. En P.12 rexistrouse tamén *tardeser* e o *escureser*. A forma *axexo*, usada polos mariñeiros, designa a parte do día en que se está poñendo o sol; *serán* é unha forma antiga para designar esa mesma parte do día e o anoitecer.
10. En P.22 a *noitiña* vén despois da *tardiña*.

Mapa 1: mapa 7 ("atardecer, tardiña") do vol. IV do *ALGa*



○ anoitecer	▲ escurecer
● anuitecer	▶ oscurecer
⊙ anoutecer	◀ ouscurecer
◐ vi-la noite	▼ auscurecer
⊖ ser noite	△ escurecida
◑ entre noite [ε] día	❖ pardear
◒ entre día [ε] noite	◆ empardecer
● a xunta da noite	⊠ serán
⊗ noitiña	⊡ serao

NOTAS

- Mapa elaborado a partir dos datos da pregunta 530 'anoitecer' do *quest. do ALGa*. Nuns puntos, ademais do verbo, documentáronse substantivos para designa-la-noitiña; noutros rexistráronse substantivos pero non formas verbais para o desenvolvemento do proceso de vi-la noite.
- Para a realización fonética de <e> en -ecer véx. *ALGa* III, mapa 170.
- Rexistrouse *anoitece* en C.10; *an[ɔ]tecer* en A.2 e A.5; *noitecer* en P.12 e P.30; *anoitecendo* en L.16, O.25 e P.7; *estar anoitecendo* en L.10; *vir a nuite* en C.34; *vir a n[ɔ]te* en A.7; *está vindo a noite* en L.27; *ser de n[ɔ]te* en A.4; *estar sendo noite* en L.29 e L.37; [a:] *noitiña* en C.2; *escorecer* en L.19 e A.6; *está escorecendo* e *está a escorecer* en P.16; *estar a oscurecer* en O.26; [a:] *escurecida* en L.33; *espardecer* en O.28; o [s] *serán* en C.21.
- En C.23 rexistrouse a expresión *poder máis a noite có día*.
- En P.12 *serán* é unha forma antiga.
- En P.29 rexistrouse tamén *contra o do du da noite*.

Mapa 2: mapa 11 ("anoitecer") do vol. IV do *ALGa*